

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021-2022

CPPI OS DICES

PROFESORADO DO DEPARTAMENTO:

Lucía Pérez Álvarez

1.- INTRODUCCIÓN

A Lei 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) que ven modificar a Lei de Educación (LOE) incide nas esixencias e necesidades dunha sociedade cada vez máis pluricultural e na importancia da aprendizaxe das linguas segundo as directrices establecidas polo Consello de Europa no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER). A implantación da nova lei completouse no ano escolar 2016-17 en todos os cursos da ESO e BACHARELATO.

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta que nos achegan ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

O aumento das relacións internacionais por motivos educativos, laborais, profesionais, culturais, turísticos ou de acceso a medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual.

O dominio e uso de linguas estranxeiras non só fomenta as relacións interpersoais, favorecendo a formación integral do individuo, senón que tamén nos permite comprender mellor a lingua propia desde unha visión máis ampla e rica da realidade.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

As linguas constitúen un factor determinante da identidade dos pobos e das persoas. O estudo dunha lingua estranxeira, no noso caso do francés, do mesmo xeito que outras materias do currículo, contribúe á formación persoal e

intelectual do alumnado e ao mesmo tempo estase a converter na chave que abre as portas á comunicación con todo o mundo Francófono: Francia, Suíza, Bélxica, Luxemburgo (no continente europeo) e tamén outros países de África, América, Asia e Oceanía.

Esta comunicación verbal é o primeiro chanzo da comunicación que terá lugar noutros eidos da vida: científica, cultural, artística, comercial e de calquera outra, dun futuro tanto profesional coma de lecer.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN

2.1.- EQUIPAMIENTO E SERVICIOS DO CENTRO

O Colexio está situado no lugar de Dices, no Concello de Rois.

O Concello de Rois pertence á Comarca do Sar e está situado no sudoeste da Provincia da Coruña.

Limita polo norte co concello de Brión; polo sur cos de Dodro e Rianxo; polo este cos de Padrón e Teo; e polo oeste co de Lousame.

A extensión territorial deste concello é de 92,8 km² divididos entre doce parroquias.

O C.P.I. dos Dices componse de tres edificios, un amplo patio de xogos e un pavillón polideportivo, que é de titularidade municipal.

O edificio máis antigo, construído hai 25 anos, é o de Educación Primaria. Ten dous andares, que se estruturan do seguinte xeito:

- No baixo está a Aula de Informática de E. Primaria, a Aula de Inglés, o Comedor Escolar e 2 aulas de E.P.

- No 1º andar temos unha Aula de Proxección Multimedia e 6 aulas de E.P.

O Edificio Administrativo conta coa Sala de Administración, as dependencias do Equipo Directivo -Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría-, a Sala de Profesores, a Biblioteca Escolar, a aula de Educación Especial, o departamento de Orientación Educativa e 2 aulas de informática, unha para os profesores e outra para o alumnado. No soto está ubicadas 2 aulas de Educación Infantil, un Salón para representacións teatrais e musicais e as dependencias da ANPA.

O Edificio da E.S.O., de recente construción, ten tres andares:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

- O entrechán conta con 4 aulas de E.S.O., a Aula de Informática da E.S.O., a Aula de Audición e Linguaxe e o Salón de Proxección Multimedia.
- O 1º andar ten 3 aulas E.S.O., a Aula de Música, a Aula de Idiomas, a Aula de Apoio e 5 salas de Departamentos.
- O soto conta co laboratorio de Ciencias, a Aula de Tecnoloxía, a Aula de Plástica, 2 aulas para o alumnado de Garantía Social e un Laboratorio Fotográfico.

Neste curso 2021-22 ofértase a 2º lingua estranxeira a un grupo de cada nivel educativo dende 1º ESO ata 4º ESO.

Posto que o alumnado do primeiro curso é de nova incorporación á ESO, non podemos aportar datos concretos sobre as súas dificultades de aprendizaxe nesta materia mais sí unha vez realizada a avaliación inicial en outubro e unha vez falado coa orientadora e coas familias. Respecto ao grupo de 2º ESO, o departamento ten constancia da súa relativa heteroxeneidade. Asemade, temos constancia que outros alumnos están baixo observación do departamento de Orientación para valorar se están exentos ou non da materia. Consciente deste feito aplicaráselles sobre todo a adaptación das probas de avaliación de entre as medidas de atención a diversidade contempladas tanto para o alumno con dificultades o coa materia pendente do curso anterior ademáis do plan de recuperación de pendente.

2.2.- DATOS PREVIOS.

O Departamento de Francés do CPPI OS DICES está formado polo seguintes membros:

Lucía Pérez Álvarez	(Xefe do Departamento)
----------------------------	------------------------

A coordinación levarase a cabo nas reunións de departamento que terán lugar durante este curso os luns, de 11:50 a 12:40.

Os grupos son os seguintes: 1 grupo en cada nivel, é dicir, 4 grupos correspondentes a 1º, 2º, 3º e 4º da Eso da materia francesa 2º lingua estranxeira e 1 grupo en 1º Eso de lingua galega.

2.3.- ALUMNADO AO QUE VAI DIRIXIDA

A programación do Departamento de Francés inclúe os seguintes grupos:

CURSOS	FLE2	Lingua Galega
1º ESO	2	1 (1º eso B)
2º ESO	1	
3º ESO	1	
4º ESO	1	

2.4.- MATERIAIS DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Para impartir as clases de francés contamos con dúas aulas (unha delas é o laboratorio de idiomas habilitado como aula) equipadas con DVD, vídeo, TV, lectores de CD transportables, canón de vídeo, ordenador e conexión a internet. A segunda aula é a aula 12 cun taboleiro dixital e ordenador portátil da aula.

No laboratorio de idiomas temos unha pequena biblioteca, que aumentamos cada ano, con libros en “Club Parachute, Santillana” e de dificultade graduada, con versión dixital tanto para o libro do alumno, o caderno de exercicios e os audios.

A aula de idiomas dispón de dicionarios (monolingües, bilingües, de sinónimos e antónimos, entre outros) e vocabularios, gramáticas, manuais, libros de exercicios e outros materiais de consulta que están sempre a disposición do alumnado. Precisaríamos mercar un par de novos dicionarios de polo menos 50000 entradas para ter na sala de profesores a disposición dos compañeiros que imparten as seccións bilingües. En canto ao material audiovisual, temos tamén unha colección de vídeos e de DVD con películas e gravacións adaptadas aos nosos alumnos que están a disposición do alumnado.

Nas aulas de francés temos mapas de Francia (físico e político), para completar as ensinanzas da cultura francesa. Non faltan tampouco fotos e carteis de Francia.

Contamos cun ordenador MAC no laboratorio de idiomas e tamén un portátil no departamento propiedade do centro.

3.- CONTRIBUCIÓN DO FRANCÉS NA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Todas as áreas e materias do currículo contribúen ao desenvolvemento das diferentes competencias.

Se analizamos o perfil competencias da área de Lingua estranxeira Francés, apréciase a súa especial contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. Ademais aporta unha incidencia notable á competencia social e cívica e á competencia de aprender a aprender. Tamén contribúe ao desenvolvemento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor e á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar. A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e

integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira, incide de maneira directa na adquisición das seguintes competencias básicas:

1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida. Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e o mantemento do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente unidas á capacidade crítica e a unha visión persoal razoada. A competencia matemática consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida, tanto no ámbito escolar ou académico como fóra del, e favorece a participación efectiva na vida social.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e o mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen no desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, á confrontación de ideas e

á aplicación dos descubrimentos ao benestar social. As competencias en ciencia e tecnoloxía capacitan a cidadáns responsables e respectuosos co seu entorno vital. Estas competencias capacitarán, basicamente, para identificar, propoñer e resolver situacións da vida cotiá –persoal e social– analogamente a como se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

2. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística de maneira directa, completándoa e enriquecéndoa. A súa achega é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar e conversar, unha relevancia singular. Así mesmo, mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiadas a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas.

3. Competencia dixital (CD)

As tecnoloxías da información e comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso inmediato a un fluxo incesante de información que medra cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira facilita o acceso á información que se pode atopar nesta lingua, ao tempo que ofrece a posibilidade de comunicarnos. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios con xente nova doutros lugares e, o que é máis importante, crea contextos reais de comunicación.

4. Competencias sociais e cívicas (CSC)

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en grande medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas

e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. Por outra banda, na lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas e a través destas interaccións apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólvese a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando a colaboración dos compañeiros, conseguir acordos e, en definitiva, favorécese aprender dos demais e cos demais.

5. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta materia inclúe especificamente un acercamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a competencia artística e cultural, a propiciar unha aproximación ás obras ou autores que contribuíron á creación artística.

6. Competencia para aprender a aprender (CAA)

Esta materia contribúe de maneira esencial ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender xa que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade dos alumnos para interpretar ou representar a realidade e construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos, emocións.

O desenvolvemento de estratexias diversas para aprender a aprender prepara ao alumnado de forma progresiva á toma de decisións que favorecen a autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

7. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén a adquisición da autonomía e iniciativa persoal, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula e as habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de

decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

4.- PROGRAMACIÓN DE ESO

4.1.- OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Polo que respecta aos obxectivos de etapa, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e

acomunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora
- m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

- n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.2.- PRIMEIRO CURSO DE ESO

4.2.1.- OBXECTIVOS DE ÁREA.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e marca os obxectivos xerais para a ESO. A partir destes obxectivos xerais, concretamos a continuación os obxectivos para a materia de Lingua Estranxeira na ESO, distribuídos por competencias comunicativas:

▪ Comprensión oral

- Identificar o sentido xeral, as ideas principais e as informacións máis importantes de textos orais curtos e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, pronunciados lentamente e ben articulados; cun rexistro formal, informal ou neutro, que traten ben temas habituais en situacións cotiás, ben temas xerais aplicados á situación persoal, nos ámbitos persoal, público ou educativo, en condicións acústicas axeitadas e con audicións repetidas. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis apropiadas para comprender o sentido xeral, os principais puntos ou a información máis importante do texto.
- Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais

e sociolingüísticos asociados á vida cotiá (estudos, lecer), ás condicións de vida e ao contorno, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, nun lugar público), ao comportamento (xestos, mímicas, voz, contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).

- Distinguir a función ou as funcións comunicativas máis importantes no texto (por exemplo, unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos enunciados máis frecuentes, así como os patróns discursivos habituais ligados á organización textual (introdución do tema, partes do tema, conclusión).
- Aplicar á comprensión do texto o coñecemento das construcións sintácticas e discursivas correntes na comunicación oral, así como os significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión).
- Recoñecer o léxico oral corrente, en relación coas situacións da vida cotiá e con algúns aspectos de temas máis xerais ou ligados aos intereses persoais ou escolares, e deducir polo contexto ou os apoios visuais o sentido das palabras ou expresións descoñecidas.
- Discriminar os patróns sonoros correntes (acentos, ritmos e entoacións), e recoñecer o sentido e as intencións de comunicación xerais que están asociadas.

▪ **Producción oral: expresión continuada e interacción**

- Producir textos breves e suficientemente comprensibles, no marco dunha conversa en persoa, por teléfono ou por calquera outro medio técnico, nun rexistro neutro ou informal, nunha lingua moi sinxela, onde damos, pedimos e intercambiamos informacións sobre temas familiares e coñecidos ou de interese persoal e escolar, eventualmente con interrupcións e dúbidas, pausas e reformulacións para organizar o discurso e elixir expresións, e onde eventualmente lle pedimos ao interlocutor que repita ou reformule o que se dixo.

-
- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis axeitadas para producir monólogos ou diálogos breves, cunha estrutura moi sinxela e clara, utilizando entre outros procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, a reformulación ou a explicación dalgúns elementos.
 - Incorporar á produción de monólogos ou de diálogos os coñecementos sociolóxicos ou sociolingüísticos adquiridos, co que atinxe ás relacións interpersoais, ao comportamento e ás convencións sociais, actuando de maneira axeitada e respectando as principais normas de cortesía segundo os contextos.
 - Utilizar as principais funcións requiridas pola intención de comunicación, usando as fórmulas máis frecuentes para cada unha, e os patróns discursivos máis sinxelos e correntes para organizar o discurso.
 - Utilizar un repertorio limitado de estruturas sintácticas correntes e de mecanismos sinxelos para asegurar a cohesión e a coherencia (repetición de palabras, elipses, indicación da persoa, do lugar e do tempo, xustaposición, e conectores de uso moi frecuente).
 - Coñecer e utilizar en repertorio léxico oral suficiente para comunicar unha información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás.
 - Ter unha pronunciación e unha entoación suficientemente comprensibles, inda que o acento estranxeiro sexa evidente, que se cometan erros de pronunciación e que os interlocutores deban pedir repeticións ou aclaracións.
 - Empregar oracións curtas e fórmulas para saír do paso durante intercambios en situacións habituais ou cotiás, inda que o interlocutor deba interromper o seu discurso para buscar unha palabra ou articular expresións e para restablecer a comunicación.
 - Intercambiar de maneira sinxela durante intercambios claramente

estructurados, usando fórmulas ou xestos sinxelos para tomar ou conservar a quenda de palabra, inda que ás veces o discurso non sexa absolutamente adaptado ao interlocutor.

▪ **Comprensión escrita**

- Identificar a idea xeral, os puntos esenciais e a información importante en textos, con formato impreso ou dixital, curtos e ben construídos, redactados nun rexistro neutro ou informal, que tratan temas habituais ou cotiáns, aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso corrente.
 - Coñecer e utilizar as estratexias axeitadas para comprender a idea xeral, os puntos esenciais e a información importante do texto.
 - Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relacionados coa vida cotiá (estudos, lecer), coas condicións de vida e o contorno, coas relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, nun lugar público), co comportamento (xestos, mímicas, voz, contacto visual) e coas convencións sociais (costumes e tradicións).
 - Distinguir a función ou as funcións comunicativas máis importantes no texto (por exemplo, unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos enunciados máis frecuentes, así como os patróns discursivos habituais ligados á organización textual (introdución do tema, partes do tema, conclusión).
 - Aplicar á comprensión do texto o coñecemento das construcións sintácticas e discursivas correntes na comunicación oral, así como os significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión).
-
- Recoñecer o léxico oral corrente relacionado coas situacións da vida cotiá e con algúns aspectos de temas máis xerais ou ligados aos intereses persoais ou escolares, e deducir do contexto ou co-texto, e de apoios visuais, o sentido das palabras ou expresións descoñecidas.

-
- Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como as abreviaturas e símbolos de uso corrente e o seu significado.
- **Producción escrita:** expresión e interacción
- Producir, sobre papel ou en formato dixital, textos breves, sinxelos e ben construídos sobre temas habituais e en situacións cotiás ou de interese persoal, nun rexistro neutro ou informal, utilizando os recursos elementais de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis correntes.
 - Coñecer e saber aplicar as estratexias axeitadas para producir textos escritos breves, cun estrutura sinxela, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios a cada tipo de texto.
 - Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos sociolóxicos ou sociolingüísticos adquiridos que atinxen ás relacións interpersoais, ao comportamento e ás convencións sociais, actuando de maneira axeitada e respectando as principais normas de cortesía segundo os contextos.
 - Utilizar as principais funcións requiridas pola intención comunicativa, empregando as fórmulas máis frecuentes para cada unha, e os patróns discursivos sinxelos máis correntes para organizar o texto escrito de maneira sinxela.
 - Utilizar un repertorio limitado de estruturas sintácticas correntes e empregar para comunicar mecanismos sinxelos, suficientemente adaptados ao contexto e á intención de comunicación (repetición de palabras, elipses, indicación da persoa, do lugar e do tempo, xustaposición, e conectores de uso moi frecuente).
 - Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar unha información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás.
 - Coñecer e utilizar, para garantir a correcta comprensión da mensaxe

principal, os signos de puntuación elementais (por exemplo, a coma), as regras ortográficas elementais (por exemplo, o uso das maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas correntes na redacción de textos moi curtos, en formato dixital.

O ensino da lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o **desenvolvemento das seguintes capacidades:**

1. escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante.
2. Interactuar oralmente e expresarse en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
4. Escribir textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.
5. Utilizar correcta e eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
7. Utilizar todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe) para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira.
8. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

procedencias, linguas e culturas distintas evitando discriminacións e estereotipos lingüísticos e culturais.

9. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira.
10. Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira relacionando os aspectos culturais deses países cos propios.

4.2.2.- CONCRECIÓNS: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN 1º DE ESO.

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comprensión de textos orais							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1 avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relativas ás necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e sobre temas cos que estea familiarizado. Segue instrucións e consignas de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación na aula e preguntas orais.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<p>baseadas no contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. ▪ Identificación de palabras chave. ▪ Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). ▪ Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. ▪ Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. 	<p>e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita co axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. ▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e brevemente estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata. ▪ PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e a información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª avaliación ▪ 1ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLB1.2. Comprende en situacións comunicativas, o vocabulario empregado e as estruturas sintácticas escoitadas. ▪ PLB1.3. Comprende, con apoio do soporte visual, as ideas principais de informacións sobre temas de coñecidos ou do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación na aula e preguntas orais. ▪ Observación na aula e preguntas orais.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
		escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	que poida escoitalas máis dunha vez.				
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Identifica o sentido xeral dunha conversa informal ou dunha gravación sobre un tema coñecido e presentado con claridade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación na aula e preguntas orais.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso. ▪ B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. Comprende conversas breves e moi sinxelas sobre temas familiares como: un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación na aula e preguntas orais.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
		apoio de imaxes moi redundantes.	interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.				
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	1ª avaliación	<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.6. Identifica información detallada en situacións comunicativas de gravacións auténticas, sobre asuntos cotiáns e do seu interese 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula e preguntas orais.
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción							
<ul style="list-style-type: none"> a c d i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> Planificación. Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez. B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	Todas as avaliacións.	<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Amosa actitude positiva polo uso da lingua francesa nas diferentes situacións de comunicación e esforzase por utilizala. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación e escoita na aula. Exercicios orais e escritos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<p>expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <ul style="list-style-type: none"> Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Execución. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Compensación das carencias lingüísticas 	<p>utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor.</p> <ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación. B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico 	<p>linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <ul style="list-style-type: none"> PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións. PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª avaliación. 1ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.2. Fai presentacións moi breves con apoio visual de distintos soportes multimedia con imaxes e sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas. PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas: viaxes, transporte, aloxamento, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Producción oral na aula. Producción oral na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
			(saúdo e tratamento).				
	<p>mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Lingüísticos: ▪ Modificación de palabras de significado parecido. ▪ Definición ou paráfrase dun termo ou unha expresión. ▪ Paralingüísticos: ▪ Petición de axuda ou clarificación. 	<p>os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p>	<p>PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todas as avaliacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Produción oral na aula.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sinalización de obxectos, usos deícticos ou realización de accións que aclaren o significado. ▪ Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). ▪ Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. ▪ Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixé persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes). ▪ B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos 	<p>PLEB2.5. Participa en conversacións informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todas as avaliacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.5. Participa en conversacións informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Produción oral na aula ▪ Observación sistemática na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas. 	<p>frecuentes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todas as avaliacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Produción oral na aula.
Bloque 3: Comprensión de textos escritos							

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. ▪ Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). ▪ Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. ▪ Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). ▪ Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. ▪ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema durante o texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose durante o medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.). ▪ B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer). ▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª avaliación. ▪ 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, segue instrucións básicas para a realización de actividades. ▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura comprensiva na aula. ▪ Lectura comprensiva na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. ▪ B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. ▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar. 	deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.				
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e materia publicitaria de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e publicidade en distinto soporte, publicacións, internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura comprensiva na aula.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves mo sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios catálogos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en distintas fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura comprensiva na aula.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura comprensiva na aula. 	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
			correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.	<ul style="list-style-type: none"> CCEC 		asuntos do seu interese.	
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	2ª avaliación.	<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados de historias de ficción. 	<ul style="list-style-type: none"> Lectura comprensiva na aula.
Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción							
<ul style="list-style-type: none"> a c d i 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> Planificación. Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.). B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	2ª/3ª avaliación.	<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes en situacións reais ou simuladas, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> Produción de textos sinxelos na aula.
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD 	3ª avaliación.	<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que enumera 	<ul style="list-style-type: none"> Produción de textos sinxelos na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<ul style="list-style-type: none"> Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos. Execución. Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. Estruturación do contido do texto. 	<p>adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.</p>	<p>exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC 		<p>actividades, tarefas moi habituais ou expresa sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.</p>	
	<ul style="list-style-type: none"> Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, etc.). PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en distintos formatos sobre situacións da vida cotiá respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> Produción de textos sinxelos na aula. Produción de textos sinxelos na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	veremos", etc.).	elementais.	especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.				
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisión: ▪ Identificación de problemas, erros e repeticións. ▪ Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. ▪ Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). ▪ Reescritura definitiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal moi breve e sinxela, a partir dun modelo, tanto de forma manuscrita como en formato dixital con información básica ou para expresar opinións e cunha presentación limpa e ordenada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Producción de textos sinxelos na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.6. Utiliza correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación nas súas presentacións de textos escritos, en soporte impreso e dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> Produción de textos sinxelos na aula.
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural							
<ul style="list-style-type: none"> a c d i o 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. <ul style="list-style-type: none"> Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos básicos. Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. 5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións. B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. PLEB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 2ª avaliación. 2ª/3ª avaliacións. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e distingue fonemas e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. PLEB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e noutras situacións con diversos fins comunicativos, establece contacto social en 	<ul style="list-style-type: none"> Observación diaria e sistemática na aula. Observación diaria na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<p>suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <ul style="list-style-type: none"> B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira. Identificación dalgunhas similitudes e 	<p>ás convencións sociais (costumes e tradicións).</p> <ul style="list-style-type: none"> B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas. B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas 	<p>con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.</p> <ul style="list-style-type: none"> PLEB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.). PLEB5.4. Na propia lingua identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Todas as avaliacións. 	<p>función da situación de comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira na comunicación oral e escrita (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.). PLEB5.4. Identifica na propia lingua, aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, compara con outras culturas evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación diaria e sistemática na aula. Observación diaria e sistemática na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.	e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.	do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.				
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ▪ B5.4. Plurilingüismo: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. ▪ Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ B5.5. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Iniciación e mantemento de relacións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado. ▪ B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.5. Nas actividades de aula reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. ▪ PLEB5.6. Comunica con eficacia comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.5. Nas actividades de aula reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria e sistemática na aula.
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3ª avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>et</i>); disxunción (<i>ou</i>); oposición (<i>mais</i>); causa (<i>parce que</i>); finalidade (<i>pour</i>); comparación (<i>plus, moins</i>); 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria e sistemática na aula. ▪ Exercicios orais e escritos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<p>persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. ▪ Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros. ▪ Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias. ▪ Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. ▪ Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. ▪ Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. ▪ Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. 				<p><i>explicativas (parce que).</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Exclamación (Oh là là! On y va!); interxección (oui!, non! Zut!)</i> ▪ <i>Negación (ne/n'...pas).</i> ▪ <i>Interrogación (qui est-ce?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses (p. ex. oui, non); est-ce que?; adjectif interrogatif (p. ex. quel est ton sport préféré?).</i> ▪ <i>Expresión do tempo: presente.</i> ▪ <i>Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (présent).</i> ▪ <i>Expresión da modalidade: factualidade (phrases déclaratives); capacidade (pouvoir); probabilidade (peut-être); necesidade (il faut+infinitif); obriga / prohibición (il faut, verbe devoir, imperativo); permiso (pouvoir : est-ce que je peux... ?); intención/ desexo (vouloir); cortesía (distinction tu/ vous).</i> 	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<p>hipóteses.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. ▪ Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do 					<ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión da existencia (os presentativos, <i>par exemple, c'est, ce sont</i>); da entidade (p. ex. <i>articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques</i>); os presentativos (p. ex. <i>c'est, voilà, il est</i>); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); la existencia (p. ex. <i>il y a, il n'y a pas</i>); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares). ▪ Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; <i>articles partitifs</i>). ▪ Expresión do espazo (<i>prépositions et adverbess de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville)</i>). ▪ Expresión do tempo: puntual 	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	currículo. ▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.					(<i>l'heure, moments du jour (le matin, le soir)</i>) ; indicacións de tempo (<i>aujourd'hui</i>); duración (<i>de... à, maintenant</i>); anterioridade (<i>il y a...</i>); secuenciación (<i>à partir de + heure</i>); frecuencia (<i>d'habitude</i>). ▪ Expresión do modo (<i>à / en + medios de transporte</i>).	
			▪ PLEB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC	▪ Todas as avaliacións.	▪ PLEB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	▪ Observación diaria e sistemática na aula.
			▪ PLEB5.8. Participa en proxectos relacionados cos elementos transversais (elaboración de materiais, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilizan varias linguas , evita estereotipos, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	▪ CCLCAA ▪ CCEC ▪ CD	▪ 3ª avaliación	▪ PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos.	▪ Observación diaria e sistemática na aula.

4.2.3.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O enfoque metodolóxico debe ser comunicativo, nocional e funcional, centrado no alumnado, partindo das teorías cognitivas e construtivistas da aprendizaxe. Pero non existe un método pedagóxico único para aprender unha lingua estranxeira. Convén adoitar unha posición ecléctica.

A elección do método dependerá das circunstancias concretas de cada caso. O profesor debe aconsellar e axudar ao alumnado, planificar os obxectivos de cada clase atendendo ás súas peculiaridades. Debe promover valores educativos que contribúan á súa formación integral.

Os alumnos e as alumnas deben ter unha parte activa no desenvolvemento de todas as actividades, e debe inspirar os traballos e proxectos a realizar.

A base pedagóxica de cada unidade é dual. Por unha banda, o construtivismo: os conceptos son introducidos dunha maneira progresiva nunha aprendizaxe significativa que fai posible a asimilación de novos coñecementos grazas á súa relación cos precedentes. Por outra, a perspectiva accional: o traballo ven definido pola tarefa final a realizar. Esta determina as necesidades lingüísticas e as actividades. Debe estar enmarcada nun contexto real, ser complexa, pretende resolver un problema. As actividades, aínda sendo guiadas, deben favorecer a autonomía do alumnado.

A metodoloxía utilizada no noso departamento é unha metodoloxía “interactiva”, é dicir, **o estudante é o centro do proceso de aprendizaxe**. Existe unha ampla participación e implicación do alumnado neste proceso.

No caso dos alumnos e das alumnas principiantes, nas primeiras semanas concederáselle toda a importancia á comprensión e expresión oral. Todas as unidades propoñen actividades de comprensión e expresión oral, a partir da escoita de textos reais: diálogos auténticos, cancións, etc. Ademais, os diferentes materiais invitan ao alumnado a participar constantemente en situación comunicativas que os incitan a desenvolver diferentes estratexias de interpretación e de produción de mensaxes orais.

Un primeiro traballo de observación de documentos das diferentes modalidades preséntase para que os alumnos e as alumnas poidan, unha vez que as súas características temáticas e formais estean establecidas, imitar, recrear e reinterpretar estes elementos estruturais nas súas propias producións.

Todas estas proposicións intentan manter un equilibrio entre a práctica de textos comunicativos con propósitos, estruturas, construcións de frases ou

registros que respectan as convencións e as suxestións de redacción máis lúdicas, abertas e creativas. Segundo este enfoque, o ensino dos devanditos niveis lingüísticos presenta unha dobre perspectiva: por unha banda ampliar o léxico e a mellora da ortografía, e por outra, a ineludible reflexión sobre as cuestións gramaticais, que contribúen a una aprendizaxe funcional en tanto que instrumento de comunicación.

O traballo con textos escritos ten unha tripla finalidade:

1* Desenvolver o interese pola lectura.

2* Aprender a manexar o dicionario.

3* Ler con autonomía “libros” en francés.

O material complementario: música, vídeos, películas, obras teatrais (escenificación e lectura), constitúe un estímulo máis para achegarse á cultura e a lingua francesas.

O alumnado que se incorpora ás ensinanzas de ESO, ábrese a cuestións e a dificultades que van máis aló da súa esfera estritamente persoal. Está a descubrir o mundo que o rodea.

Aprender unha lingua é abrirse a unha realidade diferente, comparar. Tratándose do francés, esa realidade é múltiple: francesa e francófona. Ao longo do curso, o alumnado vai coñecer lugares e situacións diversas e mesmo linguaxes máis específicas (léxico científico, das institucións, argot, etc.). Este alumnado posúe unha serie de competencias e saberes adquiridos ao longo das etapas do ensino obrigatorio. As metodoloxías comunicativas axudan a reproducir na clase as situacións de uso en contextos auténticos, ao tempo que, para desenvolverse nelas, achegan o apoio de procesos de aprendizaxe (traballo previo do vocabulario, das estruturas, dos contidos sociolingüísticos; reflexión sobre as estratexias de comunicación e de aprendizaxe, etc.) que posibilitan a realización das tarefas comunicativas propostas.

O enfoque debe estar baseado na acción, na actividade social, no uso da lingua, tal como se establece no enfoque metodolóxico adoptado polo Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER). A selección de contidos lingüísticos deriva directamente da actividade de uso da lingua que se vai realizar. Os contidos Introdúzanse, entón, en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. A

progresión gramatical é gradual.

O noso enfoque metodolóxico propón:

- Partir da vida real dos estudantes e das súas experiencias concretas para obter aprendizaxes significativas.
- Ter en conta o que xa saben para servir de apoio ás novas aprendizaxes.
- Animar á reflexión, á dedución de conclusións a partir de observacións ou de exploracións, á confrontación de opinións, á inferencia racional e á verbalización das emocións.
- Respetar as particularidades de cada alumno/a, adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados. Traballar a coeducación e a non discriminación sexual.
- Utilizar técnicas e soportes variados que permiten á vez o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa, e o da motivación.
- Favorecer a autoavaliación como ferramenta para poñer de relevo a realidade e xulgalá obxectivamente.
- Acostumar ao alumnado ao traballo en grupo, poñendo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade, axudando ás tomas de decisión colectivas.
- Suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto aos outros, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.

O departamento de francés ten en conta o Currículo Integrado de Linguas (CIL) do centro coa finalidade de coordinar o estudo das linguas e tratar de adaptar a terminoloxía sempre que sexa posible para facilitar a aprendizaxe do alumnado.

4.2.4.- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

AVALIACIÓN	CARACTERÍSTICAS
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none"> • Será continua cun mínimo de dúas probas por avaliación (cada proba constará dun número variable de preguntas). • Teranse en conta as probas escritas, as orais e o traballo individual e en grupo...
ACTITUDES, VALORES E NORMAS	<ul style="list-style-type: none"> • Están reflectidos no currículo: interese, asistencia, puntualidade, atención, participación, respecto ao profesorado e aos compañeiros e compañeiras.
FINAL ORDINARIA (xuño)	<ul style="list-style-type: none"> • Valorarase a progresión do alumnado e o esforzo realizado ao longo do curso. Primarán os resultados obtidos no terceiro trimestre.
FINAL EXTRAORDINARIA (xuño)	<ul style="list-style-type: none"> • Unha proba escrita (4 destrezas e gramática de entre 5 e 10 preguntas) cunha ponderación dun 60% e tarefas de repaso en verán valoradas nun 40 %.

Procedementos:

- Intercambios orais: preguntas e respostas na clase, diálogos, coloquios, debates e postas en común.
- Observación sistemática do traballo e da participación do alumnado nas clases por parte do profesorado.
- Probas obxectivas orais e escritas específicas das respectivas unidades didácticas.
- Exercicios específicos que correspondan aos diversos obxectivos programados nas unidades didácticas.
- Análise das actividades e traballos realizados, das súas producións escritas e orais.
- Análise do esforzo desempeñado polo alumnado, así como a puntualidade, corrección e limpeza na entrega de traballos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

- Revisión e análise das actividades e traballos realizados, recollidos no caderno individual do alumno e nos exercicios específicos.
- Traballos individuais e traballo en equipo: avaliándose a capacidade do alumnado para colaborar nas tarefas de grupo, asumindo o comportamento e a responsabilidade (data presentación dos traballos).

Instrumentos:

- Ficha de rexistro personalizada, onde se anotan os resultados apreciados partindo da observación, a análise de tarefas, as intervencións na clase e a corrección dos exercicios.
- Entrevistas, debates, postas en común ...
- Resolución de exercicios.
- Cotexo de comportamentos, actitudes, participación e integración.
- Probas escritas e orais.

As normas de comportamento serán tomadas en conta, xunto co rendemento académico:

- Respecto do protocolo covid-19: máscara, lavado de mans antes e despois da clase, non compartir material, non moverse pola aula e todas as que aparezcan reflectidas no protocolo.
- Traer o material: libros, caderno de clase, material para escribir, ordenador con batería.
- Puntualidade e asistencia á clase. As faltas será debidamente xustificadas.
- Respecto pola súa propia persoa, polos compañeiros e polos profesores.
- Non comer nin beber na aula.
- Coidar a linguaxe evitando palabras groseiras, malsoantes, sexistas ou homófobas.
- Manter unha postura correcta e axeitada na clase.
- Apagar os teléfonos móbiles durante a clase.
- Non danar nin subtraer obxectos nin material ou documentos da aula ou dos demais.
- Axuda mútua e solidariedade con compañeiros e cos profesores.

4.2.5.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 1º DE ESO

- Tendo en conta que a avaliación é continua, formativa, orientadora e

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

individualizada, valorarase positivamente o progreso realizado polo alumno e cualificaranse todas e cada unha das actividades realizadas diariamente, considerando a calidade e corrección así como a actitude, a colaboración e o grao de esforzo co que se realicen tanto na clase como na casa, e tomando en todo caso como referencia os criterios de avaliación anteriormente expostos para cada unidade.

- Para obter a cualificación mínima de suficiente, hai que acadar unha nota media de 5, respectando as porcentaxes indicadas no seguinte cadro:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
30% a comprensión oral/ escrita.	30% a comprensión oral/ escrita.	30% a comprensión oral/ escrita.
30% a expresión oral/ escrita.	30% a expresión oral/ escrita.	30% a expresión oral/ escrita.
30% os aspectos gramaticais.	30% os aspectos gramaticais.	30% os aspectos gramaticais.
10% boa presentación da libreta e fichas de traballo, participación, traballo diario e bo comportamento na aula. (por cada negativo, restarase 0,25).	10% boa presentación da libreta e fichas de traballo, participación, traballo diario e bo comportamento na aula. (por cada negativo, restarase 0,25).	10% boa presentación da libreta e fichas de traballo, participación, traballo diario e bo comportamento na aula. (por cada negativo, restarase 0,25).

- Os alumnos serán informados ao comezo do curso dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación esixibles para obter unha valoración positiva, así como dos criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.

4.2.6.- AVALIACIÓN INICIAL

- En 1º ESO a proba de Avaliación Inicial non é moi significativa xa que o alumnado deste nivel, en xeral, carece de coñecementos previos na materia por ser a primeira vez que aborda a súa aprendizaxe. No resto dos niveis a proba de Avaliación Inicial consistirá nunha proba escrita que avaliará estándares dos 5 bloques.
- Os resultados desta avaliación permitirán reforzar o traballo dos estándares de niveis anteriores que non presenten un grao mínimo de consecución por

parte do alumnado.

4.2.7.- TEMPORALIZACIÓN 1º DE ESO

No ano escolar 2021-2022 continuaremos co novo método que utilizamos o o curso pasado Club Parachute 1, Santillana.

Consideramos que a continuidade no modo de presentar os contidos e na súa distribución ao longo dos módulos de que consta cada nivel é positivo para o alumnado xa que se evita o período de adaptación a outro método posibilitando que a integración dos contidos adquiridos no ano anterior sexa máis doada.

Cada nivel consta de:

- De 6 unidades e cada unha delas precisa dunhas 3 ou 4 semanas de traballo (unha lección = 1 páxina dobre).
- Na primeira avaliación (1º trimestre) traballarase as unidades 0, 1, 2, na segunda (2º trimestre) as unidades 3 e 4; na terceira (3º trimestre) as unidades 5 e 6.
- Unha lección de introdución (módulo 0) e os anexos finais (resumo gramatical, fonética, tarefas Delf A1 e cadros de conxugación).

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

TEMPORALIZACIÓN 1º ESO PARACHUTE 1

Unidades	Tarefas	Comunicación	Gramática	Vocabulario	Fonética	Civilización	Competencias claves.
Unidade 0		Saúdar Presentarse, presentar a alguen Dicir a súa cor favorita	Comment tu t'appelles ? S'appeler : je, tu, il/elle. Comment ça va ? Qui est-ce ? C'est...	Palabras transparentes. Os saúdos O abecedario As cores Os números de 0 a 20.	O ritmo da frase e a entoación.	Célebres persoaxes francófonos	Competencias sociais e cívicas. C. matemáticas.
Unidade 1	Fago un regalo Falo do meu horario Elaboro o meu horario e un collage: o meu material escolar	Identificar e describir un obxecto Falar do seu horario	Qu'est-ce que c'est ? C'est... Os artigos definidos e indefinidos	O material de clase As materias escolares As cores Os días da semana	As nasais	A escola en Francia: o sistema educativo, horarios, materias e instalacións	Competencias sociais e cívicas. C. numéricas. Aprender a aprender
Unidade 2	Fago unha entrevista Describo a un compañeiro de clase Cartel de Francia O meu autoretrato	Dicir a dats Pedir información Expresar os seus gustos e preferencias Describir a alguén e describirse a si mesmo	Os verbos en -er (je, tu il/ elle) O verbo être O xénero dos adxectivos O plural	Os meses do ano Os números de 20 a 31 Deportes e ocio Os adxectivos descriptivos	Os sons y e R	Os símbolos de Francia As festas francesas Lugares e monumentos simbólicos de Francia	Sensibilidade e expresión culturais. C. numérica Aprender a aprender
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais, folletos, carteis, recensión de libros, películas...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos e valora as súas competencias de persoa plurilingüe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todas as avaliacións. 	PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) os que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación na aula.

4.4.3.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O enfoque metodolóxico debe ser comunicativo, nocional e funcional, centrado no alumno, partindo das teorías cognitivas e construtivistas da aprendizaxe. Pero non existe un método pedagóxico único para aprender unha lingua estranxeira. Convén adoitar unha posición ecléctica.

A elección do método dependerá das circunstancias concretas de cada caso. O profesor debe aconsellar e axudar ao alumnado, planificar os obxectivos de cada clase atendendo ás súas peculiaridades. Debe promover valores educativos que contribúan á súa formación integral.

Os alumnos e as alumnas deben ter unha parte activa no desenvolvemento de todas as actividades, e debe inspirar os traballos e proxectos a realizar.

A base pedagóxica de cada unidade é dual. Por unha banda, o construtivismo: os conceptos son introducidos dunha maneira progresiva nunha aprendizaxe significativa que fai posible a asimilación de novos coñecementos grazas á súa relación cos precedentes. Por outra, a perspectiva accional: o traballo ven definido pola tarefa final a realizar. Esta determina as necesidades lingüísticas e as actividades. Debe estar enmarcada nun contexto real, ser complexa, pretende resolver un problema. As actividades, aínda sendo guiadas, deben favorecer a autonomía do alumnado.

A metodoloxía utilizada no noso departamento é unha metodoloxía “interactiva”, é dicir, **o estudante é o centro do proceso de aprendizaxe**. Existe unha ampla participación e implicación do alumnado neste proceso.

No caso dos alumnos e das alumnas principiantes, nas primeiras semanas concederáselle toda a importancia á comprensión e expresión oral. Todas as unidades propoñen actividades de comprensión e expresión oral, a partir da escoita de textos reais: diálogos auténticos, cancións, etc. Ademais, os diferentes materiais invitan ao alumnado a participar constantemente en situación comunicativas que os incitan a desenvolver diferentes estratexias de interpretación e de produción de mensaxes orais.

Un primeiro traballo de observación de documentos das diferentes modalidades preséntase para que os alumnos e as alumnas poidan, unha vez que as súas características temáticas e formais estean establecidas, imitar, recrear e reinterpretar estes elementos estruturais nas súas propias producións.

Todas estas proposicións intentan manter un equilibrio entre a práctica de textos comunicativos con propósitos, estruturas, construcións de frases ou rexistros que respectan as convencións e as suxestións de redacción máis lúdicas, abertas e creativas. Segundo este enfoque, o ensino dos devanditos niveis lingüísticos presenta unha dobre perspectiva: por unha banda ampliar o léxico e a mellora da ortografía, e por outra, a ineludible reflexión sobre as cuestións gramaticais, apuntando a explicitar o coñecemento do alumnado co fin de que esta se volva principalmente funcional en tanto que instrumento de comunicación.

A lectura ten unha tripla finalidade: 1-Desenvolver a curiosidade e o interese.

2-Aprender a manexar o dicionario.3-

Ler con autonomía “libros” en francés.

O material complementario: música, vídeos, películas, obras teatrais (escenificación e lectura), constitúe un estímulo máis para achegarse á cultura e a lingua francesas.

O alumnado que se incorpora ás ensinanzas de ESO ábrese a cuestións e a dificultades que van máis aló da súa esfera estritamente persoal. Está a descubrir o mundo que o rodea.

Aprender unha lingua é abrirse a unha realidade diferente, comparar. Tratándose do francés, esa realidade é múltiple: francesa e francófona. Ao longo do curso, o alumnado vai coñecer lugares e situacións diversas e mesmo linguaxes máis específicas (léxico científico, das institucións, argot, etc.). Este alumnado posúe unha serie de competencias e saberes adquiridos ao longo das etapas do ensino obrigatorio. As metodoloxías comunicativas axudan a reproducir na clase as situacións de uso en contextos auténticos, ao tempo que, para desenvolverse nelas, achegan o apoio de procesos de aprendizaxe (traballo previo do vocabulario, das estruturas, dos contidos sociolingüísticos; reflexión sobre as estratexias de comunicación e de aprendizaxe, etc.) que posibilitan a realización das tarefas comunicativas propostas.

O enfoque debe estar baseado na acción, na actividade social, no uso da lingua, tal como se establece no enfoque metodolóxico adoptado polo Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER). A selección de contidos lingüísticos deriva directamente da actividade de uso da lingua que se vai realizar. Os contidos introducíranse, entón, en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. A progresión gramatical é gradual.

O noso enfoque metodolóxico propón:

- Partir da vida real dos estudantes e das súas experiencias concretas para obter aprendizaxes significativas.
- Ter en conta o que xa saben para servir de apoio ás novas aprendizaxes.
- Animar á reflexión, á dedución de conclusións a partir de observacións ou de exploracións, á confrontación de opinións, á inferencia racional e á verbalización das emocións.
- Respetar as particularidades de cada alumno/a, adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados. Traballar a coeducación e a non discriminación sexual.
- Utilizar técnicas e soportes variados que permiten á vez o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa, e o da motivación.
- Favorecer a autoavaliación como ferramenta para poñer de relevo a realidade e xulgalá obxectivamente.
- Acostumar ao alumnado ao traballo en grupo, poñendo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade, axudando ás tomas de decisión colectivas.
- Suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto aos outros, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.

O departamento de francés ten en conta o **Currículo Integrado de Linguas** (CIL) do centro coa finalidade de coordinar o estudo das linguas e tratar de adaptar a terminoloxía sempre que sexa posible para facilitar a aprendizaxe do alumnado.

4.4.4.- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

AVALIACIÓN	CARACTERÍSTICAS
CONTIDOS	<ul style="list-style-type: none">• Avaliación continua. Mínimo dúas probas por avaliación (cada proba constará dun número variable de preguntas).• Teranse en conta as probas escritas, as orais e o traballo individual e en grupo diario.
ACTITUDES, VALORES E NORMAS	<ul style="list-style-type: none">• Están reflectidos no currículo: interese, asistencia, puntualidade, atención, participación, respecto ao profesorado e aos compañeiros e compañeiras.
FINAL ORDINARIA (xuño)	<ul style="list-style-type: none">• Valorarase a progresión do alumnado e o esforzo realizado ao longo do curso. Primarán os resultados obtidos no terceiro trimestre.
FINAL EXTRAORDINARIA (xuño)	Unha proba escrita (4 destrezas e gramática de entre 5 e 10 preguntas) cunha ponderación dun 60% e tarefas de repaso en verán valoradas nun 40 %.

Procedementos:

- Intercambios orais: preguntas e respostas na clase, diálogos, coloquios, debates e postas en común.
- Observación sistemática do traballo e da participación do alumnado nas clases por parte do profesorado.
- Probas obxectivas orais e escritas específicas das respectivas unidades didácticas.
- Exercicios específicos que correspondan aos diversos obxectivos programados nas unidades didácticas.
- Análise das actividades e traballos realizados, das súas producións escritas e orais.
- Análise do esforzo desempeñado polo alumnado, así como a puntualidade, corrección e limpeza na entrega de traballos.
- Revisión e análise das actividades e traballos realizados, recollidos no caderno individual do alumno e nos exercicios específicos.
- Traballos individuais e traballo en equipo: avaliándose a capacidade do alumnado para colaborar nas tarefas de grupo, asumindo o comportamento e a responsabilidade (data presentación dos traballos).

Instrumentos:

- Ficha de rexistro personalizada, onde se anotan os resultados apreciados partindo da observación, a análise de tarefas, as intervencións na clase e a corrección dos exercicios.
- Entrevistas, debates, postas en común ...
- Resolución de exercicios.
- Cotexo de comportamentos, actitudes, participación e integración.

- Probas escritas e orais.

As normas de comportamento será tomadas en conta, xunto co rendemento académico:

- Respecto do protocolo covid-19: máscara, lavado de mans antes e despois da clase, non compartir material, non moverse pola aula e todas as que aparezcan reflectidas no protocolo.
- Traer o material: libros, caderno de clase, material para escribir, ordenador con batería.
- Puntualidade e asistencia á clase. As faltas será debidamente xustificadas.
- Respecto pola súa propia persoa, polos compañeiros e polos profesores.
- Non comer nin beber na aula.

4.4.5-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 3º DE ESO

Tendo en conta que a avaliación é continua, formativa, orientadora e individualizada, valorarase positivamente o progreso realizado polo alumno e cualificaranse todas e cada unha das actividades realizadas diariamente, considerando a calidade e corrección así como a actitude, a colaboración e o grao de esforzo co que se realicen tanto na clase como na casa, e tomando en todo caso como referencia os criterios de avaliación anteriormente expostos para cada unidade.

-
-

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

- Para obter a cualificación mínima de suficiente, hai que acadar unha nota media de 5, respectando as porcentaxes indicadas no seguinte cadro:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
30% a comprensión oral/ escrita.	30% a comprensión oral/ escrita.	30% a comprensión oral/ escrita.
30% a expresión oral/ escrita.	30% a expresión oral/ escrita.	30% a expresión oral/ escrita.
30% os aspectos gramaticais.	30% os aspectos gramaticais.	30% os aspectos gramaticais.
10% o traballo diario, a participación na aula, boa presentación da libreta, fichas e un bo comportamento na aula. (por cada negativo, restarase 0,25).	10% o traballo diario, a participación na aula, boa presentación da libreta, fichas e un bo comportamento na aula. (por cada negativo, restarase 0,25).	10% o traballo diario, a participación na aula, boa presentación da libreta, fichas e un bo comportamento na aula. (por cada negativo, restarase 0,25).

- Non se valorarán exercicios nin tarefas entregadas fóra dos prazos previamente establecidos.
- A avaliación é continua, polo que as notas dun trimestre recuperan as do curso.

- anterior. Tamén se facilitarán tarefas de revisión para quen desexe reforzar en algún momento determinados contidos.
- A nota de xuño intentará recoller a progresión do alumnado, polo que, aínda que se respecte o traballo realizado ao longo do ano, primarán os resultados obtidos no terceiro trimestre.
- Na avaliación extraordinaria de setembro teranse en conta os contidos mínimos. Constará dunha proba escrita na que o/a alumno/a deberá acadar o 50% da puntuación para obter o aprobado.
- Os alumnos serán informados ao comezo do curso dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación esixibles para obter unha valoración positiva, así como dos criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.

4.4.6.- AVALIACIÓN INICIAL.

En 3º ESO **avaliación inicial** consistirá nunha proba escrita que avaliará estándares dos 5 bloques.

Os resultados desta avaliación inicial permitirán reforzar o traballo daqueles estándares doutros niveis que non presentan un grao mínimo de consecución por parte do alumnado. O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- Atención individual
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas

- Apoios en pequeno grupo
- Realización de tarefas en grupo
- Subministración de material mesmo de nivel inferior

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación.

4.4.7.- TEMPORALIZACIÓN / SECUENCIACIÓN 3º DE ESO

No ano escolar 2021-2021 continuaremos co novo método que utilizamos o curso anteriore **Club Parachute 3, Santillana**.

Consideramos que a continuidade no modo de presentar os contidos e na súa distribución ao longo dos módulos de que consta cada nivel, é positivo para o alumnado xa que se evita o período de adaptación a outro método posibilitando que a integración dos contidos adquiridos no ano anterior sexa máis doada.

Cada nivel consta de:

- De 7 unidades e cada unha delas precisa dunhas 4 ou 5 semanas de traballo (unha lección = 1 páxina dobre).
- Unha lección de introdución (módulo 0) e os anexos finais (resumo gramatical, fonética, tarefas Delf A1 e cadros de conxugación).
- Na primeira avaliación (1º trimestre) traballarase as unidades 0, 1, 2 na segunda (2º trimestre) as unidades 3 e 4 na terceira (3º trimestre) as unidades 5 e 6.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

Unidades	Tarefas	Comunicación	Gramática	Vocabulario	Fonética	Civilización	Competencias claves.
Unidade 0		Falar da volta á clase, do meu horario Preguntar ós compañeiros sobre os seus gustos e hábitos	Presente e passé composé As palabras interrogativas	Os sentimentos A vida cotiá: o colexio, as actividades extraescolares, as preferencias	As entoacións en francés	O colexio en Francia	C cívicas e sociais
Unidade 1	Presento e describo a alguén	Presento e describo a alguén en detalle Falar da nacionalidade de alguén Falar da súa persoaalidade	Il/ elle est, c'est, c'est un/e Os pronomes relativos (qui, que) Cidades/ países+ à, en au, aux O xénero dos adxectivos	Países e nacionalidades Os adxectivos de carácter (cualidades e defectos) O zodíaco	Os sons è/ai e e muda As nasais (1)	Rexións de ultramar A francofonía Taller: na procura dunha correspondente	C sociais e cívicas Sensibilidade e expresión culturais C numérica Aprender a aprender.
Unidade 2	Expoño os meus gustos Conto unha anécdota Presento un proxecto sobre a moda	Descibir o aspecto de alguén Expresar os seus gustos apasoadamente Entender as descripción doutras persoas	A negación (1): rien, jamais Os adverbios de intensidade O passé composé (afirmativo/ negativo e verbos pronominais)	A roupa e os accesorios A descripción física Expresións do tempo	As nasais (2) Os sons v e f, p e b	A moda O roupa dos nosos días Taller de escritura: contar unha viaxe	C sociais e cívicas C numérica Espírito de iniciativa e de empresa. Aprender a aprender.
Unidade 3	Aconsello Dou a miña opinión Fago unha exposición de como mellorar o noso futuro	Expresar sensación e emocións Facer recomendacións Dar a súa opinión e falar do futuro do	Avoir besoin de+ nome/ infinitivo Il faut/ devoir+ infinitivo O futuro simple (formación, verbos	Sensacións e emocións Expresar a opinión A expresión do tempo	Os sons è, ê, ai e eu Os sons ch, s, e z	Ecología e alimentación: ¿insectos no meu menú? Taller de escritura: redactar os	C matemática e C de base en ciencias e tecnoloxía C numérica Espírito de iniciativa e de empresa.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022						resultados dunha sondaxe	Aprender a aprender.
		planeta Falar dos seus proxectos	irregulares)				
Unidade 4	Descrivo a niña cidade Constrúo un relato en pasado Descrivo o meu lugar preferido	Orientarse nunha cidade e describir un lugar Preguntar por e indicar un camino Construir un relato no pasado	O pronome y Imperfecto e passé composé (situar unha acción/ describir accións sucesivas)	A cidade Preposicións de lugar Expresións para propor o plantexamento dun relato	Os sons eu; oeu e e muda Os sons p, t e k	A cidade de Marsella Artes e literatura en Provence Taller de escritura: escribir unha postal	C sociais e cívicas Sensibilidade e expresión culturais C numérica Aprender a aprender.
Unidade 5	Expreso o meu enfado Redacto a continuación dunha historia Presento unha asociación solidaria	Falar das tarefas domésticas e de pequenos recados Expresar o meu enfado, a niña indignación Expersar a frecuencia Dar as garcias	A negación (2): plus, personne A construción dos verbos et os pronomes persoais directos e indirectos	As tarefas domésticas As relación persoais A frecuencia	Os sons b, d e g A nasal on e o son on (non nasal)	Actuar para axudar ós demais: a axuda humanitaria, asociación... Taller de escritura: saber dar as gracias	Competencias sociais e cívicas C. numérica Aprender a aprender
Unidade 6	Fago comparación Falo dun recordo de infancia Presento unha lectura teatralizada	Falar das redes sociais Compara obxectos Falar dddun tempo pasado e dos recordos de infancia	O comparativo e superlativo O imperfecto (formación)	As redes sociais As ferramentas numéricas Expresións de tempo (pasado) A escola noutros tempos	Os sons yi e we Os sons sk, sp, e st	A arte da palabra onte e hoxe en día, dos poetas ós youtubers Taller de escritura: escribir unha historia	Espírito de iniciativa e de empresa. Sensibilidade e expresión culturais C numérica Aprender a aprender.

4.4.8.- EDUCACIÓN EN VALORES E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En todos os cursos da ESO traballaremos, principalmente, os elementos transversais reflectidos no artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño.

A educación en valores é un proceso sistémico, pluridimensional, intencional e integrado que garante a formación e o

desenvolvemento da personalidade consciente; concrétese a través do curricular, extracurricular e en toda a vida das persoas. A forma de organización é o proxecto educativo.

A aprendizaxe das linguas estranxeiras é un elemento fundamental para a comunicación entre os homes e mulleres de distintos países, supón unha vontade de cooperación, un interese pola pluralidade cultural, ademais da súa incidencia na maior preparación para o mundo laboral. Facemos referencia ao texto do Real Decreto: *“El aprendizaje de una segunda lengua extranjera incide en la formación general y contribuye específicamente a desarrollar las capacidades del lenguaje y de la comunicación. Más especialmente y en relación con las finalidades de esta etapa, prepara al alumnado para usar esa lengua en sus estudios posteriores o en su inserción en el mundo del trabajo”*.

Os elementos transversais son o conxunto de aspectos que acadaron unha grande relevancia no desenvolvemento da sociedade durante os últimos anos, en relación cos valores morais, a paz, a igualdade de oportunidades entre persoas de ambos sexos, a saúde, o medio ambiente, o consumo e a seguridade viaria.

Os elementos transversais forman parte da práctica diaria tanto na ESO coma no bacharelato. Con eles pretendemos:

- Sensibilizar ao alumnado diante da situación medio ambiental e as solucións aos problemas creados pola sociedade en xeral.
- Favorecer a aceptación e confianza en si mesmo.
- Ser autocrítico: recoñecendo os seus propios erros e valorando a súa propia actuación.
- Respetar aos compañeiros.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

- Evitar situacións de discriminación de tipo físico o intelectual cara ás outras culturas.
- A resolución pacífica e progresivamente autónoma de conflitos. A non violencia.

A intención é contribuír ao perfeccionamento integral da persoa. A formación en calquera destas ensinanzas supón atender non só ás capacidades intelectuais dos alumnos e alumnas, senón tamén, e fundamentalmente, ás súas capacidades afectivas, motrices, de relación interpersonal e de inserción e actuación social.

A educación para convivencia e a paz é un dos temas transversais que está a crear moita preocupación. A convivencia dos alumnos entre si e a relación destes co profesorado está sometida ás mesmas tensións que as do resto da sociedade. Ante iso, nalgúns centros foron elaborados planos de convivencia. No noso centro, logo dunha experiencia formativa levada a cabo no propio centro, estanse dando os primeiros pasos para a posta en marcha do plano de convivencia ao que o departamento de francés está prestando toda a colaboración xa que nas clases de lingua estranxeira a interacción é fundamental e o profesorado estamos sempre atentos para evitar desviacións das condutas contrarias ao respecto e que implique violencia.

Educación emocional

- Toma de conciencia das propias emocións e das alleas.
- A través de diálogos fluídos, expresivos e receptivos, busca da empatía cos outros.

Educación para a convivencia

- A negociación na aula.
- O respecto polas opinións dos demais.
- Expresión das opinións persoais.

Educación para a saúde

- Vida sa: deportes e afeccións, viaxes (formadores da personalidade).

Educación para la paz

- Busca de información doutras culturas e interese por outras formas de vida.
- Busca de situacións inxustas de desigualdade no ambiente que os rodea e proposta de posibles solucións.

Educación del consumidor

- Análise da linguaxe verbal e non verbal na publicidade para chegar a ser consumidores responsables.

Educación no sexista

- Mediante o achegamento ao mundo da lectura, BDs, cine e publicidade, analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas.

Educación ambiental

- Debates acerca da protección do entorno. Busca de solucións para conseguir un planeta máis “san”.

Aprender a pensar

- As actividades finais de cada tema contribúen ao desenvolvemento do razoamento crítico a partires da observación e análise da información.

4.5.- FRANCÉS 4º DE ESO**4.5.1 OBXECTIVOS DA ÁREA: os mesmos que no punto 4.2.1****4.5.2.- CONCRECIÓNS: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN 4º DE ESO.**

Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Comprensión de textos orais							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. - Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada). - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. ▪ PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todas as avaliacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa, deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións e intuindo o que non se comprende. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escoitas na aula.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todas as avaliacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escoitas na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
		ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito.	estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).			estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, así como comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás ou ocupacionais relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional. ▪ B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido. ▪ B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. ▪ PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todas as avaliacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, de anuncios publicitarios e de series e películas. ▪ PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escoitas na aula. ▪ Escoitas na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
		de carácter informal que relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan.	máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional). ▪ PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC	▪ Todas as avaliacións.	▪ PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores sobre temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián.	▪ Escoitas na aula.
			▪ PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	▪ 2/3 avaliación.	▪ PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (farmacia, hospital, organismo público).	▪ Escoitas na aula.
			▪ PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC	▪ 2/3 avaliación.	▪ PLEB1.7. Comprende información relevante, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa.	▪ Escoitas na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
			actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicable, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.				
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> 1/2 avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos e formula hipóteses sobre temas de actualidade). 	<ul style="list-style-type: none"> Escoitas na aula.
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción							
	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> -Planificación: -Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. -Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. -Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, explotando os recursos dos que se dispón e limitando a expresión a estes; recorrendo, entre outros, a procedementos como a definición simple de elementos para os que non se 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Todas as avaliacións. 	<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender.. 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

	Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<p>a estrutura de discurso adecuados a cada caso, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>-Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>-Execución:</p> <p>-Expresión da mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>-Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>-Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p> <p>-Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>-Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e</p>	<p>teñen as palabras precisas, ou comezando de novo cunha nova estratexia cando falla a comunicación.</p> <p>▪ B2.2. Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.</p> <p>▪ B2.3. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, nos que se intercambia información, ideas e opinións, se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans, e se formulan hipóteses, aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións e pausas para reformular e organizar o discurso, e sexa necesario repetir o dito para axudar a persoa interlocutora a comprender algúns detalles.</p> <p>▪ B2.4. Manter o ritmo do discurso coa fluidez suficiente para facer</p>	<p>▪ PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.</p> <p>▪ PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p>	<p>as</p> <p>as</p> <p>as</p>	<p>▪ PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, cunha actitude positiva e manifestando interese e respecto polas achegas de compañeiros e compañeiras.</p> <p>▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, con coherencia.</p> <p>▪ PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais.</p>	<p>▪ Observación na aula..</p> <p>▪ Observación na aula.</p> <p>▪ Observación na aula.</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
	<p>paralingüísticos.</p> <p>-Lingüísticos:</p> <p>-Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>-Definición ou reformulación dun termo ou expresión.</p> <p>-Petición de axuda.</p> <p>-Paralingüísticos:</p> <p>-Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>-Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica, etc.).</p> <p>-Uso de sons cuasilingüísticos e calidades prosódicas convencionais.</p>	<p>comprensible a mensaxe cando as intervencións son breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.</p> <p>▪ B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios claramente estruturados, utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora.</p> <p>▪ B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.</p>	<p>(transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.</p> <p>▪ PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p> <p>▪ PLEB2.6. Toma parte en conversas</p>	<p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CCL</p>	<p>▪ 1/2 avaliación</p> <p>▪ 2/3 avaliación.</p>	<p>▪ PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais; narra e describe con coherencia feitos pasados ou futuros; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como a música, o cine, e outros.</p> <p>▪ PLEB2.6. Toma parte en conversas</p>	<p>▪ Observación na aula.</p> <p>Observación na aula.</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación
			formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC 		formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, dando explicacións breves e coherentes.	
Bloque 3. Comprensión de textos escritos							
- Intercambios orais: preguntas e respostas na clase, diálogos, coloquios, debates e postas en común.
- Observación sistemática do traballo e da participación do alumnado nas clases por parte do profesorado.
- Probas obxectivas orais e escritas específicas das respectivas unidades didácticas.
- Exercicios específicos que correspondan aos diversos obxectivos programados nas unidades didácticas.
- Análise das actividades e traballos realizados, das súas producións escritas e orais.
- Análise do esforzo desempeñado polo alumnado, así como a puntualidade, corrección e limpeza na entrega de traballos.
- Revisión e análise das actividades e traballos realizados, recollidos no caderno individual do alumno e nos exercicios específicos.
- Traballos individuais e traballo en equipo: avaliándose a capacidade do alumnado para

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

colaborar nas tarefas de grupo, asumindo o comportamento e a responsabilidade (data presentación dos traballos).

Instrumentos:

- Ficha de rexistro personalizada, onde se anotan os resultados apreciados partindo da observación, a análise de tarefas, as intervencións na clase e a corrección dos exercicios.
- Entrevistas, debates, postas en común ...
- Resolución de exercicios.
- Cotexo de comportamentos, actitudes, participación e integración.
- Probas escritas e orais.

As normas de comportamento serán tomadas en conta, xunto co rendemento académico:

- Respecto do protocolo covid-19: máscara, lavado de mans antes e despois da clase, non compartir material, non moverse pola aula e todas as que aparezcan reflectidas no protocolo.
- Traer o material: libros, caderno de clase, material para escribir, ordenador con batería.
- Puntualidade e asistencia á clase. As faltas será debidamente xustificadas.
- Respecto pola súa propia persoa, polos compañeiros e polos profesores.
- Non comer nin beber na aula.
- Coidar a linguaxe evitando palabras groseiras, malsoantes, sexistas ou homófobas.
- Manter unha postura correcta e axeitada na clase.
- Apagar os teléfonos móbiles durante a clase.
- Nos dañar nin subtraer obxectos nin material ou documentos da aula ou dos demais.
- Axuda mútua e solidariedade con compañeiros e cos profesores.

4.5.5.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 4º DE ESO

- Tendo en conta que a avaliación é continua, formativa, orientadora e individualizada, valorarase positivamente o progreso realizado polo alumno e cualificaranse todas e cada unha das actividades realizadas, considerando a calidade e corrección así como a actitude, a colaboración e o grao de esforzo co que se realicen tanto na clase como na casa, e tomando en todo caso como referencia os criterios de avaliación anteriormente expostos para cada unidade.
- Para obter a cualificación mínima de suficiente, hai que acadar unha nota media de 5, respectando as porcentaxes indicadas no seguinte cadro:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
30% a comprensión oral/ escrita.	30% a comprensión oral/ escrita.	30% a comprensión oral/ escrita.
30% a expresión oral/ escrita.	30% a expresión oral/ escrita.	30% a expresión oral/ escrita.
30% os aspectos gramaticais.	30% os aspectos gramaticais.	30% os aspectos gramaticais.
10% o traballo diario, a participación na aula, boa presentación da libreta, fichas e o bo comportamento na aula. (por cada negativo, restarase 0,25).	10% o traballo diario, a participación na aula, boa presentación da libreta, fichas e o bo comportamento na aula. (por cada negativo, restarase 0,25).	10% o traballo diario, a participación na aula, boa presentación da libreta, fichas e o bo comportamento na aula. (por cada negativo, restarase 0,25).

- Non se valorarán exercicios nin tarefas entregadas fóra dos prazos previamente establecidos.
- A avaliación é continua, polo que as notas dun trimestre recuperan as do anterior. Tamén se facilitarán tarefas de revisión para quen desexe reforzar en algún momento determinados contidos.
- Na avaliación extraordinaria de xuño teranse en conta os contidos mínimos. Constará dunha proba escrita na que o/a alumno/a deberá acadar o 50% da puntuación para obter o aprobado.
- Os alumnos serán informados ao comezo do curso dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación esixibles para obter unha valoración positiva, así como dos criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.

4.5.6.- AVALIACIÓN INICIAL.

En 4º ESO **avaliación inicial** consistirá nunha proba escrita que avaliará estándares dos 5 bloques. Os resultados desta avaliación inicial permitirán reforzar o traballo daqueles estándares doutros niveis que non presentan un grao mínimo de consecución por parte do alumnado. O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- Atención individual
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas
- Apoios en pequeno grupo
- Realización de tarefas en grupo
- Subministración de material mesmo de nivel inferior

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación.

4.5.7.- TEMPORALIZACIÓN / SECUENCIACIÓN 4º DE ESO

No ano escolar 2021-2021 continuaremos co novo método que utilizamos o curso anteriore **Club Parachute 4, Santillana.**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Consideramos que a continuidade no modo de presentar os contidos e na súa distribución ao longo dos módulos de que consta cada nivel, é positivo para o alumnado xa que se evita o período de adaptación a outro método posibilitando que a integración dos contidos adquiridos no ano anterior sexa máis doada.

Cada nivel consta de:

- De 7 unidades e cada unha delas precisa dunhas 4 ou 5 semanas de traballo (unha lección = 1 páxina dobre).
- Unha lección de introdución (módulo 0) e os anexos finais (resumo gramatical, fonética, tarefas Delf A1 e cadros de conxugación).
- Na primeira avaliación (1º trimestre) traballaranse as unidades 0, 1, 2 na segunda (2º trimestre) as unidades 3 e 4 na terceira (3º trimestre) as unidades 5 e 6.

TEMPORALIZACIÓN DE 4º ESO DE CONTIDOS

Unidades	Tarefas	Comunicación	Gramática	Vocabulario	Fonética	Civilización	Competencias claves.
Unidade 0		Onde está o meu francés. Expresar emocións, sentimentos e sensacións. Describir e comentar fotos. Despertar o seu cerebro e o seu corpo.	Os tempos verbais no oral e na escrita : présent, passé comoisé, futur simple et imparfait. O imperativo. A necesidade e a obriga.	As emocións, os sentimentos e as sensacións. O corpo. A maquillaxe e os disfraces.		Concentración e relaxación.	C sociais e cívicas. Sensibilidade e expresións culturais. Espírito emprendedor.

CPPI DOS DICES	DEPARTAMENTO DE FRANCÉS						
	PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		2021/2022				
		Desenvolver a sensibilidade poética.					
Unidade 1	Falo dun recordo. Conto a evolución dos meus hábitos. Tarefa final: Falo dunha viaxe inesquecible.	Dar unha apreciación positiva sobre unha viaxe. Caracterizar algo de xeito detallado. Construír un relato en pasado. Conto a evolución dos meus hábitos.	O passé composé e o imperfecto. Os pronomes relativos : qui, que, où e dont. O imperfecto habitual	Os transportes. As cidades e os países. O tempo e a frecuencia.	Os sons nasais. Os sons /p/, /b/, /d/ e /t/. Escoito e escribo: à/a, dû/du, la/ là, ou/ où, sur/ sùr.	Bos plans para desprazarse, Taller de escritura: redactar o anuncio dunha viaxe.	C sociais e cívicas. Espírito de iniciativa e de empresa. C numérica Aprender a aprender.
Unidade 2	Describir a alguen. Narro feitos e palabras. Tarefa final: escenifico unha fábula.	Falar do noso carácter. Describir a alguen. Expresar a posesión. Narrar feitos e palabras.	Os adxectivos demostrativos e os pronomes tónicos. Os pronomes posesivos. O discurso indirecto ó presente.	Os trazos do carácter. Verbos introdutores do discurso. Expresións “imagées” (animais).	Os sons /f/, /s/ e ch. Os sons /i/, /y/, /u/ e /ui/. Escoito e escribo: c, ç, s, sc, ss, t(i).	Das fábulas de Ésope à La Fontaine. Taller de escritura: solicitar informacións.	C sociais e cívicas Sensibilidade e expresión culturais C numérica Aprender a aprender.
Unidade 3	Fago preguntas Describo unha acción en curso.	Informarse, solicitar informacións	As diferentes formas da interrogación.	O tempo e algúns fenómenos	Os sons /f/, /v (, / Ch/ e /z/. Os sons nasais	O planeta e a ecoloxía. Taller de	C matemática e C de base en ciencias e

CPPI DOS DICES	PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	DEPARTAMENTO	DE FRANCÉS	2021/2022	e os seus compostos. Escoto e pronuncio: é(e)s ou -er (participios pasados e adxectivos, infinitivo).	escritura: escribir unha carta de motivación.	tecnoloxía C sociais e cívicas C numérica Espírito de iniciativa e de empresa. Aprender a aprender.
	Tarefa final: fago propostas para salvar o planeta.	puntuais. Facer preguntas sobre o medio ambiente. Falar das ventaxas e dos inconvenientes. Describir os diferentes momentos dunha acción. Facer hipóteses e prediccións.	Os adxectivos e os pronomes interrogativos. Os momentos da acción (venir de, être en train de, aller).	naturais. As profesións. O medio ambiente e a ecoloxía. Expresións imaxées o tempo)			
Unidade 4	Protesto, déféndome. Expreso a obriga e a prohibición. Tarefa final: presento a miña visión do futuro.	Protestar, defenderse dunha acusación. Falar do reparto das tarefas do fogar. Expresar unha restricción. Dar consellos. Expresar a obriga e a prohibición.	A posta en relieve (c'est moi qui..., c'est à moi de...) A restricción (ne...que) A formación do subxuntivo A obriga e a prohibición: il ne faut pas, il faut,+subxuntivo/ aoutras estruturas co infinitivo.	As tarefas do fogar. A vida diaria Expresións imaxées (tarefas do fogar)	Os sons /e/, / / e /o/. O son /R/ Escoto e escribo: s ou x (plural).	A vida dun artista de circo. O circo do sol. Taller de escritura: expor un poema nun foro.	C sociais e cívicas. Espírito de iniciativa e de empresa. C numérica Aprender a aprender.
Unidade 5	Describo con precisión a alguen. Axudo a alguen	Describir alguen dun xeito preciso. A dúbida antes	O plus-que-parfait A causa (parce que e comme)	Os adxectivos da descripción. (o rostro). As intrigas	Os sons /E/, /oe/ / /. Os sons /aj/, /oej/, /uj/ e /Ej/	Dous grandes detectives da literatura: Maigret e	C sociais e cívicas Sensibilidade e expresión

CPPI DOS DICES	DEPARTAMENTO DE FRANCÉS						
	PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	2021/2022					
	a tomar unha decisión. Tarefa final:fago unha caricatura.	de contestar. Sinalar unha acción anterior a outra no pasado. A causa. Animar a alguen a tomar unha decisión.	Os pronomes demostrativos.	policíacas.	escoito e escribo: au, eau, o ou ô.	Hercule Poirot. Taller de escritura: facer un compte rendu	culturais C numérica Aprender a aprender.
Unidade 6	Falo de cousas hipotéticas. Expreso unha opinión e aconsello. Tarefa final: falo dos meus mellores momentos en clase de francés.	Describir un obxecto. Negociar un prezo. Falar de feitos ou de accións hipotéticas. Formular cortesmente unha petición. Falar de algo do que nos consta definir. Expresar a meta, o desexo a opinión.	O condicional (formación e emprego). Algúns usos do subxuntivo: a meta (pour que...), o desexo (j'aimerais que...), a opinión (je ne pense pas que...)	As características dos obxectos A psicoloxía (interpretación dos sonos, problemas persoais)	Os sons /y/, / /, /oe/, / / e / /. Os sons /br/, /kr/, /tr/, /gr/, /pr/, /dr/ e /fr/. Escoito e escribo: ai ou ais (futuro ou condicional).	Algúns inventos franceses. Taller de escritura: presentar un proxecto.	C sociais e cívicas. Espírito de iniciativa e de empresa. C matemática e C de base en ciencias e tecnoloxía C numérica Aprender a aprender.

4.5.8.- EDUCACIÓN EN VALORES E ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En todos os cursos da ESO traballaremos, principalmente, os elementos transversais reflectidos no artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño.

A educación en valores é un proceso sistémico, pluridimensional, intencional e integrado que garante a formación e o desenvolvemento da personalidade consciente; concrétese a través do curricular, extracurricular e en toda a vida das persoas. A forma de organización é o proxecto educativo.

A aprendizaxe das linguas estranxeiras é un elemento fundamental para a comunicación entre os homes e mulleres de distintos países, supón unha vontade de cooperación, un interese pola pluralidade cultural, ademais da súa incidencia na maior preparación para o mundo laboral. Facemos referencia ao texto do Real Decreto: *“El aprendizaje de una segunda lengua extranjera incide en la formación general y contribuye específicamente a desarrollar las capacidades del lenguaje y de la comunicación. Más especialmente y en relación con las finalidades de esta etapa, prepara al alumnado para usar esa lengua en sus estudios posteriores o en su inserción en el mundo del trabajo”*.

Os elementos transversais son o conxunto de aspectos que acadaron unha grande relevancia no desenvolvemento da sociedade durante os últimos anos, en relación cos valores morais, a paz, a igualdade de oportunidades entre persoas de ambos sexos, a saúde, o medio ambiente, o consumo e a seguridade viaria.

Os elementos transversais forman parte da práctica diaria tanto na ESO coma no bacharelato. Con eles pretendemos:

- Sensibilizar ao alumnado diante da situación medio ambiental e as solucións aos problemas creados pola sociedade en xeral.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

-
- Favorecer a aceptación e confianza en si mesmo.
- Ser autocrítico: recoñecendo os seus propios erros e valorando a súa propia actuación.
- Respetar aos compañeiros.
- Evitar situacións de discriminación de tipo físico o intelectual cara ás outras culturas.
- A resolución pacífica e progresivamente autónoma de conflitos. A non violencia.

A intención é contribuír ao perfeccionamento integral da persoa. A formación en calquera destas ensinanzas supón atender non só ás capacidades intelectuais dos alumnos e alumnas, senón tamén, e fundamentalmente, ás súas capacidades afectivas, motrices, de relación interpersonal e de inserción e actuación social.

A educación para convivencia e a paz é un dos temas transversais que está a crear moita preocupación. A convivencia dos alumnos entre si e a relación destes co profesorado está sometida ás mesmas tensións que as do resto da sociedade. Ante iso, nalgúns centros foron elaborados planos de convivencia. No noso centro, logo dunha experiencia formativa levada a cabo no propio centro, estanse dando os primeiros pasos para a posta en marcha do plano de convivencia ao que o departamento de francés está prestando toda a colaboración xa que nas clases de lingua estranxeira a interacción é fundamental e o profesorado estamos sempre atentos para evitar desviacións das condutas contrarias ao respecto mutuo e que implique calquera tipo de violencia.

Educación emocional

-
-

-

- Toma de conciencia das propias emocións (estados de ánimo ou sentimentos) e das alleas.
- A través de diálogos fluídos, expresivos e receptivos, busca da empatía cara aos outros.

Educación para a convivencia

- A negociación na aula.
- respecto polas opinións dos demais.
- Expresión das opinións persoais.

Educación para a saúde

- Vida sa: deportes e afeccións, viaxes (formadores da personalidade).

Educación para la paz

- Busca de información doutras culturas e interese por outras formas de vida.
- Busca de situacións inxustas de desigualdade no ambiente que os rodea e proposta de posibles solucións.

Educación del consumidor

- Análise da linguaxe verbal e non verbal na publicidade para chegar a ser consumidores responsables.

Educación no sexista

- Mediante o achegamento ao mundo da lectura, BDs, cine e publicidade, analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas.

Educación ambiental

- Debates acerca da protección do entorno.
- Busca de solucións para conseguir un planeta máis “san”.

Aprender a pensar

- As actividades finais de cada tema contribúen ao desenvolvemento do razoamento crítico a partires da observación e análise da información.

• 5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- **ESO:** O libro de texto para todos os cursos da ESO segunda lingua será Club Parachute..., niveau 1, 2, 3, 4, da Editorial Santillana tanto en formato papel como en formato dixital.

O método consta de:

- Libro do alumno.
- Caderno de exercicios.
- Cd audio para as clases.
- Cd audio para o alumnado.

O Departamento de Francés dispón dun amplo material didáctico complementario como son: os dicionarios monolingües e bilingües, as gramáticas, libros de lectura, cónics, cancións, xogos ao que se suma o material persoal de cada profesor.

Outro material didáctico e complementario: gramáticas, libros de lectura, cancións, xogos.

Outro material de uso frecuente para todos os niveis de ensino:

- Exercicios de gramática progresiva
- Textos de procedencia diversa
- Karaoke en vídeo de cancións populares.
 - Cancións adecuadas aos intereses e idades dos alumnos.
 - Gravacións da TV5 actuais: telexornais, debuxos animados, concursos, partes meteorolóxicos, etc.
 - Uso das TIC

6-MEDIDAS DE REFORZO E ACTIVIDADES PARA RECUPERACIÓN DE PENDENTES E ALUMNOS REPETIDORES.

Contamos no noso Departamento con poucos alumnos e alumnas con Francés pendente ou repetidores na ESO, polo cal decidimos que o alumnado que non teña superados os contidos correspondentes ao nivel anterior ou sexan repeidores serán obxecto dun seguimento que lles permita acadar o nivel dos seus compañeiros de curso e adquirir os coñecementos correspondentes ao curso anterior.

A atención a pendentes de cursos anteriores ou repetidores estará a cargo do profesorado do grupo ao que pertencen. Daranse orientacións sobre as actividades que faciliten a recuperación da materia pendente ou os reforzos ecesarios dos alumnos repeidores, e os alumnos e as alumnas realizarán as tarefas (exercicios de expresión e/ou de comprensión, lecturas e outras) consideradas necesarias para a recuperación da materia ou a superación da materia. Para levar a cabo o seu seguimento, elaboramos, igual que en anos anteriores, un calendario de traballo por curso.

Polo que respecta aos exames, ademais da convocatoria de setembro, terán durante o curso dúas probas: unha

no mes de febreiro e outra en maio. En ambas entrará toda a materia. O alumnado coa materia pendenete que supere o exame de febreiro terá a materia aprobada. O que non o logre, terá unha nova oportunidade no mes de maio.

No caso dos alumnos que xa non están a cursar francés, tanto o traballo como as probas basearanse, por razóns evidentes, nas destrezas escritas.

A data do exame de maio é fixada pola Xefatura de Estudos e a convocatoria farase pública no taboleiro de anuncios do centro e nos taboleiros das aulas de francés.

No caso de alumnos repetidores teremos en conta os seguintes aspectos na aula para superar a materia: aspectos fortes do alumnado sobre o que apoiar a intervención, aspectos a reforzar (indicadores de logro), a metodoloxía, os materiais de apoio e a avaliación.

7.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As orientacións para o tratamento metodolóxico da materia a impartir destacan a obrigatoriedade do principio global da actividade educativa da atención á diversidade. Sabemos que entre os nosos alumnos poden apreciarse unhas diferenzas de intereses, capacidades, coñecementos, e procesos de motivación.

Desta maneira, no momento de impartir as clases o profesorado terá en conta os diferentes tipos de contidos de referencia, relacionando sempre estes contidos coas habilidades e as estratexias comunicativas, ao mesmo tempo que son presentados nunha grande variedade de situacións prácticas.

Tanto os libros de texto elixidos polo Departamento de Francés para impartir clase como todo o material complementario do que dispón o Departamento, son un apoio importante no momento de respectar as diferenzas de comprensión e de expresión.

Soamente o profesorado, no contexto da súa clase e segundo a relación co seu grupo pode determinar cunha máis grande precisión o momento de tratar certos contidos, decidir a profundidade con que facelo, as actividades a realizar para conseguir unha aprendizaxe adecuada deses contidos dependendo da diversidade do grupo.

Orientacións propostas de intervención específica TDAH**1 ADECUACIÓN EN MATERIAIS E RECURSOS ACCESO AO CURRÍCULUM:**

Priorizar e Secuenciar contados. Simplificar a información e instrucións escritas. Fraccionar os contidos (información/textos) en partes máis pequenas ou eliminar partes (cando proporciona información redundante non necesaria.). Proporcionar esquemas ó alumno antes de dar a materia/tema. Grabar/proporcionar os materiais audiovisuais vistos en clase ou a traballar posteriormente, facilitando vídeos titoriais cortos (5´mxmo) que centren a súa atención e a información a traballar...Priorizar e favorecer uso da tecnoloxía de asistencia (Tics) como ferramenta no seu proceso de ensino-aprendizaxe:

- uso de procesadores de texto para a realización das súas tarefas escolares e probas
- vídeos titoriais e audiolibros, boli borrable, ...
- copia informática dos apuntamentos ou notas da explicación do tema, con enlaces e bibliografía e materiais audiovisuais

etc.

Ubicalo en lugar con menos distratares e favorecendo proximidade de compañeiros-as que sirvan de referente positivo e modelaxe, de titorización para o alumno-a.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

2 ADECUACIÓN METODOLOXÍA:

Dar información multisensorial: verbal e visual simultaneamente. Introducir a materia por medio de imaxes, diapositivas, vídeos titoriais, taboleiro dixital, mapas conceptuais e esquemas. Utilizar instrucións paso a paso. Presentar a tarefa en pasossecuenciais cortos e planificados.

Asegurarnos en cada momento que entendeu a tarefa (achegarse e supervisar, preguntarlle, ...) Utilizar sinais para resaltar os aspectos e informacións máisimportantes: suliñar/asteriscos/... para acentuar información, as preguntas ou actividades importantes. Escribir os apartados/vocabulario máis significativo do tema notableiro antes da explicación. Proporcionar actividades adicionais de repaso e afianzamento, secuenciada e cortas. planificación das tarefas. Permitirlle moverse de maneira programada e controlada, dando tempos de descanso que lle axuden a desbloquearse e a volver a concentrarse, a evitar a excesiva actividade motriz propia (darlle responsabilidades que lle permitan moverse en determinados momentos do período de clase.). Utilizar e favorecer a ensinanza titorada. (Xuntar alumnado dediversos niveis para repasar as actividades, preparar exames, ...). Utilizar técnicas de aprendizaxe cooperativo por parellas ou grupos pequenos. Proxectos, clase inversa, emprego de Tics. Regulando tempos.

Controar o nivel de distratores e estimulos na aula e o longo daclase. Evitando a exposición maxistral e tarefas longas no tempo. Axudarlle a xestionar/supervisión da axenda: asegurandonos ou recordando que rexistre datas, tarefas, apuntamentos, pois tenderá a esquecer e non organizarse axeitadamente... Mostrar os traballos realizados satisfactoriamente ao resto de alumnado para mellorar a autoestima e expectativas de auto eficacia e logro persoal/académico. Reforzo social positivo e de logros e progresos, ofreceralle confianza eexpectativas positivas de autoeficacia e logro persoal, Que perciba que entendes a súa diversidade, que lle ofrecerás en todo o posible a axuda que poida precisar...

3 ADECUACIÓN AVALIACIÓN

Adaptación da avaliación dos aprendizaxes: utilizaranse instrumentos e formatos variados de avaliación, axustando os estándares de aprendizaxe.

Priorizar Exame/proba oral como preferente. Exame tipo test.Exame fraccionado: Colocar unha sola orde por pregunta, deixar o espazo para contestar. Lerlle as preguntas do exame previamente se é escrito,priorizando preguntas de resposta directa, corta e secuenciada... Dividir-

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

secuenciar o exame/proba escrita en dúas sesións ou enpartes, dar máis tempo de realización... e incluso permitirle pausas.

Valorar o contido das respostas e non os erros e despistes, ortografía ou a composición do texto. Revisar co alumno-a as preguntas para comprobar si se dispersa/non se centra, porque non entende ou completa a pregunta-s,... Apoiar con imaxes o material escrito; de xeito multicanal/multisensorial, evitando elementos distratores ou ambiguos, permitindo material de apoio (calculadora, outros...),... Comprobar sempre que comprendeu as cuestións que deberá abordar, explicarllo ou reforzarllo verbalmente. Anticiparlle e proporcionarlle un esquema claro e conciso sobre o modelo e contidos do exame para que poida preparalo previamente. Evitar exames fotocopiados/ a dobre cara/ con tamaños de letras moi reducidos/ preguntas numerosas, moi xuntas e non espaciadas, se numerar ben ou secuenciar, etc.

Orientacións propostas de intervención específica TEA**1 ADECUACIÓN EN MATERIAIS E RECURSOS ACCESO O CURRÍCULO.**

Anticipar e estruturar contados, información, así como os espazos e tempos. Simplificar a información e instrucción escritas (clara e ordenada). Fraccionar os contados en partes ordenadas. Promover a súa flexibilidade na conduto cognitiva (soen ser ríxidos, non flexibles no pensamento e na comunicación). Promover intereses máis diversos propoñendo actividades diferentes. Priorizar e favorecer o uso de tecnoloxía de asistencia (Tics: procesadores de texto, vídeo titoriais, copia informática dos apuntes). Ubicación favorable de proximidade con compañeiros cun referente positivo.

2 ADECUACIÓN METODOLOXÍA baseada en método TEACCH.

Dar información multisensorial: verbal e visual simultaneamente. Utilizar instrucción paso a paso. Asegurarnos en cada momento que entendeu a tarefa. Estructurar o ambiente e as actividades de modo que sexan comprensibles e predicibles en todo momento. Escribir os apartados máis significativos do tema. Utilizar e favorecer a ensinanza titorizada. Aprendizaxes cooperativos por parellas. Xestionar e supervisar a axenda. Mostrar os traballos realizados satisfactoriamente ao resto de alumnado para mellorar a autoestima e expectativas de autoeficacia e logro persoal/académico.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Reforzo social positivo e de logros e progresos, ofrecerlle confianza e expectativas positivas de autoeficacia e logro persoal, Que perciba que entendes a súa diversidade, que lle ofrecerás en todo o posible a axuda que poida precisar.

3 ADECUACIÓN AVALIACIÓN

Adaptación da avaliación dos aprendizaxes: utilizaranse instrumentos e formatos variados de avaliación, axustando os estándares de aprendizaxe. Priorizar o exame tipo test e de respostas curtas e concisas. Lerlle as preguntas do exame previamente. Valorar o contido das respostas e non tanto a composición do texto. Revisar co alumno as preguntas para comprobar se as entendeu. Apoiar con imaxes o material escrito de xeito multicanal, multisensorial. Anticiparlle e proporcionarlle un esquema claro, estruturado e conciso. Evitar exams fotocopiados a dobre cara con tamaños de letras moi reducidos, preguntas numerosas.

Dificultades por trastornos lecto escritores e linguaxe escrito (Dislexia, TEL...)

1 ADECUACIÓN EN MATERIAIS E RECURSOS ACCESO O CURRÍCULO.

Anticipar e estruturar contados, información, así como os espazos e tempos. Simplificar a información e instrucción escritas (clara e ordenada). Fraccionar os contados en partes ordenadas. Promover a súa flexibilidade na conducto cognitiva (soen ser ríxidos, non flexibles no pensamento e na comunicación). Promover intereses mais diversos propoñendo actividades diferentes. Priorizar e favorecer o uso de tecnoloxía de asistencia (Tics: procesadores de texto, vídeo titoriais, copia informática dos apuntes). Ubicación favorable de proximidade con compañeiros cun referente positivo.

2 ADECUACIÓN METODOLOXÍA basada en método TEACCH.

Adaptar o tipo e tamaño de fonte texto do exame (open dyslexic), axustar os tempos ou completalos oralmente, lectura previa das preguntas en voz alta, elaborar preguntas directas e concisas. Dar información multisensorial: verbal e visual simultaneamente. Utilizar instrucción paso a paso. Asegurarnos en cada momento que entendeu a tarefa. Estructurar o ambiente e as actividades de modo que sexan comprensibles e predicibles en todo momento.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

Escribir os apartados mais significativos do tema. Utilizar e favorecer a ensinanza titorizada. Aprendizaxes cooperativos por parellas. Xestionar e supervisar a axenda. Mostrar os traballos realizados satisfactoriamente ao resto de alumnado para mellorar a autoestima e expectativas de auto eficacia e logro persoal/académico. Reforzo social positivo e de logros e progresos, ofrecerlle confianza e expectativas positivas de autoeficacia e logro persoal, Que perciba que entendes a súa diversidade, que lle ofrecerás en todo o posible a axuda que poida precisar.

3 ADECUACIÓN AVALIACIÓN

Adaptación da avaliación dos aprendizaxes: utilizaranse instrumentos e formatos variados de avaliación, axustando os estándares de aprendizaxe. Priorizar o exame tipo test e de respostas curtas e concisas. Lerlle as preguntas do exame previamente. Valorar o contido das respostas e non tanto a composición do texto. Revisar co alumno as preguntas para comprobar se as entendeu. Apoiar con imaxes o material escrito de xeito multicanal, multisensorial. Anticiparlle e proporcionarlle un esquema claro, estruturado e conciso. Evitar exams fotocopiados a dobre cara con tamaños de letras moi reducidos, preguntas numerosas.

Partindo dos contidos mínimos procuramos ao longo do curso escolar:

- Facilitar estratexias aos alumnos e ás alumnas que teñen mais dificultades.
- Propoñer actividades complementarias en función dos coñecementos (o alumnado que supera o nivel medio ou aquel que non alcanza ese nivel).
- Motivar ao alumnado mellor dotado ou mellor formado confiándolles tarefas con maior grao de dificultade de xeito que enriquezan a súa aprendizaxe.
-

- Para o alumnado que non cursase francés en anos anteriores e/ou presente un nivel mais baixo que o grupo adaptaranse os contidos facendo alcanzable a materia dese curso e proporcionarase un material complementario que permita corrixir as carencias. Avaliarase en función da súa actitude e da súa progresión persoal ao longo de todo o curso.

En resumo, que desde o Departamento de Francés trataremos de axustar na medida do posible, a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do noso alumnado e facilitarlles recursos e estratexias variadas.

- No caso de ser necesaria una adaptación curricular o Departamento de Orientación tamén ofrece información da que dispón para detectar os casos que merecen atención especial dentro do grupo e para colaborar na súa atención a nivel individual.

En xeral para o reforzo ou ampliación o Departamento decidiu dedicar atención personalizada aos alumnos que o necesiten (ao tratarse, en xeral, de grupos pequenos), e realizar fichas adecuadas para traballar na casa, na aula, ou na biblioteca, segundo o caso.

Atención á diversidade en alumnos con dificultades:

Corresponderá ó profesor a gradación e categorización das dificultades nas actividades de xeito que introduza as variacións oportunas e acomode a súa metodoloxía ás necesidades do seu alumnado, establecéndose, nos materiais elixidos, repertorios de actividades de baixa, media ou alta complexidade e levando a cabo:

- Actividades de reforzo / fotocopias de actividades entregadas polo profesor.

- Estudo do léxico básico e dos contidos gramaticais.
- Realización de diversos exercicios de comprensión oral e escrita.
- Adaptar as probas de avaliacións.

Para a realización de probas e exames facilitarase máis tempo se fose necesario e as preguntas serán directas para facilitar a súa comprensión.

Sempre que sexa preciso, nos cuestionarios que se presenten por escrito, utilizarase una letra máis grande e máis separada para facilitar a lectura.

8.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para o curso 2021/2022 intentarásese facer as seguintes actividades extraescolares tendo en conta a situación Covid-19 actual:

- En 1º, 2º e 3º de ESO trataremos de preparar actividades para que o alumnado de francés poida realizar na aula
- Para 1º Eso realizaremos carteis sobre a escola en Francia, o meu horario, o material escolar, os símbolos de Francia, autoretratos, o reciclaxe, unha árbore xenealóxica.
- Para 2º Eso realizaremos carteis sobre: presentar e describir unha celebridade, a seguridade vial, concurso de receitas, presentar a habitación dos teus somos.
- Para 3º Eso realizaremos carteis sobre: un póster de acrostiche, un carnet de viaxe, a moda, as melloras do futuro.
- Para 4º Eso realizaremos actividades sobre as expresións “imagées “, unha viaxe inesquecible, saída

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

-
- Cinema Numax, organizar a viaxe a Paris no que os alumnos describirán ós compañeiros barrios, monumentos que visitaremos. Preparación do Delf B1 (voluntario 4º Eso).
 - Relacionado cos temas de cada curso, trataremos de facer actividades usando os recursos audiovisuais do centro ou as TICs presentes por internet.
 - Intercambio de cartas con centros educativos francófonos.

Non se descarta a realización doutras actividades culturais que o Departamento estime interesantes como conferencias, visitas a exposicións, excursións, etc. Estas actividades non se poden determinar pois dependen da programación cultural dos concellos, a universidade, fundacións, etc.

9-INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC)

Ao longo do ano traballamos cos alumnos con moito material conseguido a través de internet e os medios de comunicación en xeral (noticias, informacións diversas, música, bitácoras de contidos variados...etc.).

A aula virtual do instituto é un elemento importante na organización da actividade docente permitindo tanto ao alumnado como ao profesorado un contacto mais extenso que o que proporcionan as aulas.

Na rede son moitas as páxinas web con exercicios interactivos de todo tipo e, na maioría dos casos, mesmo con autocorrección, polo que a aprendizaxe das linguas experimenta unha importante transformación xa que o alumnado evoluciona de forma autónoma, podendo en cada caso revisar aqueles aspectos gramaticais, léxicos, culturais, etc. nos que necesita un reforzo.

Eles mesmos teñen que buscar información para preparar as súas exposicións orais. Tamén van ás aulas de informática para buscar información, por exemplo, sobre a rexión francesa que van visitar con motivo do intercambio escolar (clima, lugares de interese, xeografía, cultura, economía entre outros aspectos); facer revisión de exercicios de gramática en liña, utilizar os recursos que TV5 pon á disposición de alumnado e ensinantes, e moitas outras posibilidades que se ofrecen.

A variedade ilimitada de recursos para a aula, permite a aproximación inmediata e real a linguas diferentes e culturas lonxanas e potencian a linguaxe oral e escrita, a adopción de estratexias de autoaprendizaxe, o coñecemento da lingua estranxeira e a súa cultura, así como o achegamento a persoas doutros países e doutras zonas xeográficas.

É importante tamén o uso que fai o alumnado destes recursos e do taboleiro dixital para a presentación de traballos e producións diversas.

10-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA, MECANISMOS DE REVISIÓN, MODIFICACIÓN E INDICADORES DE LOGRO.

Partindo do feito que a aprendizaxe dunha materia depende fundamentalmente de dous factores tales como a relación profesor-alumnos e os contidos que presentan dificultad para el alumnado, que quedan implicitamente recollidos na cualificación numérica, cumpre que o profesor da materia reflexione ao final de cada avaliación sobre as dificultades atopadas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

A este efecto, adícase a última clase do trimestre á análise dos resultados: o docente preguntálles directamente aos alumnos o seu grado de satisfacción coa nota e volve a explicarlles, se é preciso, os criterios da nota de avaliación e o que cumpre mellorar de cara ao seguinte trimestre.

Dita temporalización da autoavaliación da programación permítelle ao profesor preparar o material de reforzo non significativo para aqueles alumnos que teñan dificultades. Entregáselle así ao alumno, unha serie de exercicios para facer o ben durante as vacacións, o ben xusto despois das vacacións co gallo de asentarse os contidos.

Por último, se se presentase un retraso xeralizado (no curso ou clase) na impartición dos contidos da materia, éstos quedarían reflectidos na memoria xeral do departamento para de cara o curso seguinte subsanarlos.

Consideramos a programación como un instrumento flexible e como tal suxeito a adaptacións á realidade escolar, se os membros do departamento, baseándose na evolución do curso, o estiman necesario.

Nas reunións de Departamento lévase a cabo unha valoración crítica de todos os aspectos que se recollen nela para apreciar o seu grao de cumprimento e a eficacia daquelas actividades propostas para a consecución dos obxectivos.

Reflexionamos en conxunto sobre as propostas metodolóxicas tratando de mellorar naqueles aspectos que se consideran susceptibles de cambios positivos, tanto no plano docente coma organizativo, para levar a cabo unha aprendizaxe atractiva.

A análise da materia impartida, así coma o grao de dificultade e a valoración dos

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

contidos trátanse para establecer unha labor coordinada entre todos os membros do departamento.

Cada membro do departamento informará aos seus alumnos e alumnas de todos os aspectos da programación que máis lles interesan: basicamente os contidos obxecto de estudo incidindo sobre todo nos contidos mínimos, a súa temporalización, os procedementos e os instrumentos de avaliación (tipos de probas), os criterios ou sistema de cualificación e o programa de reforzo e recuperación de pendentos.

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente están ligados:

- a) á consecución dos obxectivos establecidos nesta programación, aos resultados positivos das probas externas ás que se presenta o noso alumnado,
- b) á participación positiva en todas as actividades propostas desde o departamento,
- c) á capacidade do noso alumnado de comunicarse na lingua francesa,
- d) á contribución dos métodos didácticos e pedagóxicos á mellora do clima da aula e do centro.

Teremos en conta o seguinte recuadro:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2021/2022

LOGROS	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
A selección e temporalización de contidos e actividades foi axustada.										
Os obxectivos didácticos foron formulados en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación										
A programación facilitou a flexibilidade das clases, para axustarse ás necesidades e intereses dos alumnos o máis posible										
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos polos alumnos, e permitiron facer un seguimento do progreso dos alumnos.										
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado.										
A distribución do tempo na aula é axeitada.										
Utilízanse recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc.).										
Facilitáronse estratexias para comprobar que os alumnos entenden e que, no seu caso, saiban pedir aclaracións.										
Favoreceuse a elaboración conxunta de normas de funcionamento na aula.										
Houbo coordinación con outro profesorado.										
Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe										
Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.										
Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar, a alumnos con algunha avaliación suspensa, coa materia pendente do curso anterior, ou na avaliación final ordinaria.										

De acordo co exposto:

Rois, 15 de Outubro de 2021

Lucía Pérez Álvarez